



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 592

IX lexislatura

29 de xaneiro de 2016

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 43421 (09/PL-000032)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e Galicia e do seu sector público [136965](#)

Designación da Ponencia

- 43421 (09/PL-000032)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e Galicia e do seu sector público [136965](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular Toma en consideración

- 37326 (09/PPLI-000013)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética [136965](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 45146 (09/MOC-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43030, publicada no BOPG nº 542, do 28.10.2015, e debatida na sesión plenaria do 23.12.2015) [136966](#)

- 45150 (09/MOC-000158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as medidas que se deben adoptar para acadar unha nova repartición dos dereitos de pesca para a frota do cerco que teña en conta maioritariamente criterios socioeconómicos (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41336 publicada no BOPG núm. 524, do 23.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 23.12.2015) [136966](#)

- 45157 (09/MOC-000159)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as medidas que se deben adoptar en materia de xestión dos comedores escolares dos centros de ensino públicos de Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44049, publicada no BOPG nº 559, do 25.11.2015, e debatida na sesión plenaria do 23-12-2015) [136966](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 44300 (09/PNP-003221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de mellorar a investigación e a innovación no sector naval [136966](#)

- 45167 (09/PNP-003273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para potenciar a competencia lectora a través da rede de bibliotecas [136966](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 43193 (09/PNP-003159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade e violencia de xénero e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [136967](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 39526 (09/PNP-002881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a entrada en vigor do Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema Nacional de Saúde e a súa aplicación no ámbito dos centros penitenciarios en Galicia [136968](#)

Rexeitamento da iniciativa

- 43036 (09/PNP-003140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego e a remisión ao Parlamento de Galicia dunha axenda para o fortalecemento do sector industrial de Galicia [136968](#)

- 43706 (09/PNP-003182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para garantir o dereito a unha vivenda digna, evitar as consecuencias dos desafiu-zamentos e impedir os cortes das subministracións básicas ás persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade en Galicia [136968](#)

- 43917 (09/PNP-003193)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre a presentación por parte do Goberno galego dun programa integral de actuacións que abrangue o conxunto de recomendacións

elaboradas polo Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller [136969](#)

- 44375 (09/PNP-003227)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a rescisión pola Xunta de Galicia do contrato asinado coa UTE concesionaria do novo hospital de Vigo e a recuperación da súa xestión pública [136969](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 42009 (09/PNC-003502)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión da illa de San Simón como centro de recuperación da memoria histórica [136969](#)

Rexeitamento das iniciativas

- 42678 (09/PNC-003569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central para lles evitar aos deportistas galegos os prexuízos derivados da redacción que presenta o borrador de real decreto polo que se desenvolve a licenza deportiva federativa única [136969](#)

- 43996 (09/PNC-003670)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas queixas e denuncias formuladas en relación coa situación dos internos da Penitenciaría de Teixeiro, en especial as referidas ao módulo 15 [136970](#)

- 44876 (09/PNC-003722)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da normativa vixente en relación co exercicio dos dereitos civís nos espazos públicos [136970](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional sobre o Día de conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto [136970](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de xaneiro de 2016, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado do Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia [09/PL-000033 (44821)], publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 589, do 26 de xaneiro do 2016. [136970](#)

1. Procedementos parlamentarios**1.1. Procedementos de natureza normativa****1.1.2. Propostas de normas****1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei****1.1.2.1.1. Proxectos de lei**

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de xaneiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 43421 (09/PL-000032)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e Galicia e do seu sector público

BOPG nº 549, do 10.11.2015

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Sométese a votación a emenda á totalidade de devolución, e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 12 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 28 de xaneiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 43421 (09/PL-000032)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e Galicia e do seu sector público

BOPG nº 549, do 10.11.2015

G.P. Popular de Galicia (P):

Dona María Julia Rodríguez Barreira (titular)
Don Miguel Ángel Tellado Filgueira (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia (S):

Dona Patricia Vilán Lorenzo (titular)
Dona María Soledad Soneira Tajés (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Dona María Tereixa Paz Franco (titular)
Don Francisco Jorquera Caselas (suplente)

G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (AGE):

Don José Javier Ron Fernández (titular)
Don Ramón Vázquez Díaz (suplente)

G.P. Mixto (M):

Dona María Consuelo Martínez García (titular)
Dona Mónica Rodríguez Fernández (suplente)

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de xaneiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

1.1.2.1.2. Proposicións de lei**1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular****Toma en consideración**

- 37326 (09/PPLI-000013)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética

BOPG nº 485, do 23.06.2015

Sometida a votación resulta aprobada a toma en consideración pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 45146 (09/MOC-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43030, publicada no BOPG nº 542, do 28.10.2015, e debatida na sesión plenaria do 23.12.2015)

BOPG nº 579, do 11.01.2016

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 45150 (09/MOC-000158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as medidas que se deben adoptar para acadar unha nova repartición dos dereitos de pesca para a frota do cerco que teña en conta maioritariamente criterios socioeconómicos (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41336 publicada no BOPG núm. 524, do 23.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 23.12.2015)

BOPG nº 579, do 11.01.2016

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e 2 abstencións.

- 45157 (09/MOC-000159)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as medidas que se deben adoptar en materia de xestión dos comedores escolares dos centros de ensino públicos de Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44049, publicada no BOPG nº 559, do 25.11.2015, e debatida na sesión plenaria do 23-12-2015)

BOPG nº 579, do 11.01.2016

Sométese a votación a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 2: rexeitados por 16 votos a favor, 38 votos en contra e 17 abstencións.

Puntos 3, 4, 5 e 6: rexeitados por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 44300 (09/PNP-003221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de mellorar a investigación e a innovación no sector naval

BOPG nº 564, do 02.12.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 39 votos a favor, 30 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir fomentando a cooperación entre as administracións e os estaleiros públicos e privados que conforman o sector naval galego, co fin de mellorar a investigación e a innovación no sector, co obxectivo de gañar novos contratos e lograr posicionarse internacionalmente nos nichos de mercado máis innovadores como a construción naval convencional, o da eólica off-shore ou a construción e adaptación de buques propulsados por GNL.»

- 45167 (09/PNP-003273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para potenciar a competencia lectora a través da rede de bibliotecas

BOPG nº 579, do 11.01.2016

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 39 votos a favor, 29 votos en contra e unha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar no deseño e planificación daquelas medidas que permitan potenciar as estratexias de capacitación e competencia lectora da sociedade galega a partir do reforzo do labor desenvolvido desde a rede de bibliotecas públicas e desde a rede de bibliotecas escolares.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 43193 (09/PNP-003159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade e violencia de xénero e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto BOPG nº 545, do 04.11.2015

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

- a) A incrementar recursos e servizos, e a incrementar os orzamentos para combater e previr a violencia de xénero.
- b) A reclamar que os concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en igualdade e violencia de xénero, coa consecuente dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz tanto a Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, como a Lei autonómica do 2007 contra a violencia de xénero.
- c) A crear unha unidade de coordinación contra a violencia de xénero especializada en Galicia.

d) A incorporar ao currículo a formación específica en igualdade, educación afectivo-sexual e prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas sobre as que Galicia teña competencias.

e) A cumprir e facer cumprir a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

f) A garantir que a condición económica das vítimas non lles impida denunciar unha agresión.

g) A garantir un asesoramento personalizado e gratuíto á vítima.

h) A garantir partidas económicas que fagan efectivas todas as medidas aprobadas por este Parlamento para erradicar a violencia machista.

i) A fornecer ao alumnado contidos que fomenten o respecto e a igualdade entre sexos.

j) A acordar coa FEGAMP cursos de formación para os traballadores e traballadoras da Administración local e da policía local (nomeadamente as que máis directamente teñen contacto con vítimas e vítimas potenciais) sobre igualdade de xénero e violencia de xénero.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que:

1. Repoña e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das comunidades autónomas como dos servizos de proximidade dos concellos.
2. Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

3. Poña en marcha, nos xulgados especializados en violencia de xénero, o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento en que poñen a denuncia ata o final do proceso.

4. Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

5. Active de forma permanente o Plan nacional de sensibilización e prevención de xénero.

6. Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

7. Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, unha formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

8. Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como exige a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Istambul), que España ratificou.

9. Proporcionar ás funcionarias e funcionarios do Estado (nomeadamente os que máis directamente teñen contacto con vítimas e vítimas potenciais) competencias para unha avaliación positiva en formación específica sobre igualdade de xénero e violencia de xénero, así como en sensibilización sobre o tema.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 39526 (09/PNP-002881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre a entrada en vigor do Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema Nacional de Saúde e a súa aplicación no ámbito dos centros penitenciarios en Galicia
BOPG nº 511, do 02.09.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 68 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

Tomar as medidas necesarias para que, de acordo cos principios e preferencia de dereitos establecidos polo TSXG na súa sentenza do 20 de maio de 2015, o SERGAS proceda a dispensar sen máis dilación os novos fármacos para a hepatite C a todas persoas internas nos centros penitenciarios galegos para as que están establecidos estes tratamentos no Plan Nacional para a Abordaxe da Hepatite C no Sistema Nacional de Saúde.

Establecer un sistema coordinado entre o SERGAS e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias que permita a aplicación efectiva e máis eficaz posible do disposto no Plan para a abordaxe da hepatite C no ámbito dos centros penitenciarios radicados en Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 43036 (09/PNP-003140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego e a remisión ao Parlamento de Galicia dunha axenda para o fortalecemento do sector industrial de Galicia

BOPG nº 542, do 28.10.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 43706 (09/PNP-003182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para garantir o dereito a unha vivenda digna, evitar as consecuencias dos desafuzamentos e impedir os cortes das subministracións básicas ás persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade en Galicia

BOPG nº 555, do 18.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 43917 (09/PNP-003193)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre a presentación por parte do Goberno galego dun programa integral de actuacións que abrangan o conxunto de recomendacións elaboradas polo Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller

BOPG nº 559, do 25.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 44375 (09/PNP-003227)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre a rescisión pola Xunta de Galicia do contrato asinado coa UTE concesionaria do novo hospital de Vigo e a recuperación da súa xestión pública

BOPG nº 564, do 02.12.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada 30 por votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 28 de xaneiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 42009 (09/PNC-003502)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión da illa de San Simón como centro de recuperación da memoria histórica

BOPG nº 531, do 07.10.2015

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 14 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A colaborar e dar un trato axeitado ás distintas asociacións en defensa da memoria histórica que pretendan visitar, celebrar, homenaxear ou organizar actos ás vítimas da represión franquista na Illa de San Simón.

2. A velar pola correcta conservación dos sinais e demais fitos que homenaxean ou interpretan a triste historia da illa, con especial atención ao cárcere político da represión franquista.

3. A reforzar o papel da Illa de San Simón como un lugar preferente de recuperación e respecto da memoria histórica, e como lugar de encontro cultural e natural, de espazo aberto e construtivo para os creadores e as creadoras, así como para o conxunto da cidadanía.»

Rexeitamento das iniciativas

- 42678 (09/PNC-003569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central para lles evitar aos deportistas galegos os prexuízos derivados da redacción que presenta o borrador de real decreto polo que se desenvolve a licenza deportiva federativa única

BOPG nº 539, do 21.10.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 43996 (09/PNC-003670)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas queixas e denuncias formuladas en relación coa situación dos internos da Penitenciaría de Teixeiro, en especial as referidas ao módulo 15

BOPG nº 560, do 26.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 44876 (09/PNC-003722)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da normativa vixente en relación co exercicio dos dereitos civís nos espazos públicos

BOPG nº 573, do 16.12.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de xaneiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Declaración institucional sobre o Día de conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto

«O 1 de novembro de 2005, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa 42ª sesión plenaria, reafirma que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo

xudeu e innumerables membros doutras minorías morreron asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuízos. E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro como Día Internacional de conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegos e galegas.

A Asemblea Xeral rexeitou, e este Parlamento faina súa, toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico. E condenou sen reservas, condena que tamén este Parlamento fai súa, todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

O Parlamento de Galicia constata, coa Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinan actos de barbarie aldraxantes para a conciencia humana.

O Parlamento de Galicia, un ano máis e de acordo coa letra e co espírito da Declaración do 1 de novembro de 2005 da 42ª Asemblea Xeral das Nacións Unidas, chama o Goberno da Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia e discriminacións baseados na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e os cidadáns e as súas organizacións a permanecer vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida nin asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.»

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de xaneiro de 2016, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado do Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia [09/PL-000033 (44821)], publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 589, do 26 de xaneiro do 2016.

Advertido un erro material no texto do acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de xaneiro de 2016, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado do Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia [09/PL-000033 (44821)], publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 589, do 26 de xaneiro do 2016, corríxese nos seguintes termos:

Onde di:

«Proxecto de lei do solo de Galicia».

Debe dicir:

«Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia».

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727